

PR945C - INFORMACIÓN BÁSICA PARA O SOLICITANTE

OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

- O desenvolvemento de actividades deportivas.

PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- **Prazo:** do 16.12.2023 ao 15.01.2024
- **Forma:** as solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia:
<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR945C&ano=2023&numpub=2&lang=gl>

QUÉN PODE SOLICITAR

- Os clubs, as sociedades anónimas deportivas, as seccións deportivas e os núcleos de adestramento especializados de Galicia inscritos, en todos os casos, no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- É necesario que a entidade estea dada de alta como xestor externo nas aplicacións tecnolóxicas de “promoción dunha vida activa e saudable” vinculadas co Plan Galicia Saudable da Xunta de Galicia (quedan exentas deste requisito as entidades que xa se deran de alta nalgunha das convocatorias de anos anteriores).
 - Para darse de alta en Galicia Activa: <http://galiciactiva.xunta.es/xestor.php>
 - Para darse de alta na Plataforma de XPPAE de Galicia Saudable: <https://galiciasaudable.xunta.es/actividades/>

NON poderán obter a condición de beneficiarios destas subvencións as entidades que:

- Non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia, no momento da solicitude.
- Non teñan actualizados os datos da súa xunta directiva no Rexistro de Entidades Deportivas, no momento da solicitude.
- Foran sancionados pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en conductas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.
- Discriminen nos premios ou recoñecementos que outorguen ás persoas deportistas por razón de xénero.
- Concorran nalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ACTUACIÓNS SUBVENCIÓNABLES (para máis detalle ver art. 15 das bases reguladoras)

- **LIÑA I** → clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas: gastos derivados da participación en competicións no ano 2023 → licenzas federativas, seguros deportivos, inscricións en competicións, arbitrxes, adestradores/as, transporte, manutención e aloxamento, material deportivo non inventariable (balóns, equipacións/roupa de xogo/adestramento, etc.), produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias, alugamento de instalacións deportivas para adestramentos ou competicións, contratación de persoal, servizos de profesionais de apoio ao rendemento (médico, fisio...).
- **LIÑA II** → núcleos de adestramento especializados recoñecidos: ademais do anterior, gastos correntes do núcleo entre o 01.12.2023 e o 30.11.2024

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

OBRIGATORIO (Liña I e II): Anexo II (solicitude), Anexo III (adhesión igualdade no deporte)
OPCIONAL (só Liña I): Anexo IV, V, VI, VII

Anexo II e III: cóbrense directamente na sede electrónica da Xunta nos formularios web específicos que aparecerán logo de premer en “Tramitar en liña”.

Anexos IV, V, VI e VII (opcional; só cando se cumpra o recollido no anexo):

- **Anexo IV:** Declaración de actuacións desenvolvidas ou a desenvolver a prol da igualdade de xénero e contra a violencia machista (entre o ano anterior á convocatoria e o momento da xustificación da subvención).
- **Anexo V:** Certificación de muller no cargo de presidenta, vicepresidenta, secretaria xeral ou tesoureira da entidade.
- **Anexo VI:** Certificación de participación na actividade “Coñece o meu club” 2023.
- **Anexo VII:** Certificado acreditativo de que a entidade non ten a sede social nunha instalación ou edificio de titularidade pública ou, estando ubicado nela, devengue un canon ou prestación económica pola súa ocupación.

Poder de representación: presentarse no caso de que non sexa o presidente/a da entidade quen actúe como representante na tramitación deste procedemento <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>

En relación aos anexos opcionais:

- Tras cubrir os anexos II e III nos formularios web específicos da sede electrónica, esta daralle a opción de axuntar o resto de anexos (que o interesado deberá ter previamente gardados no seu equipo). **Estes anexos deben vir asinados**, ben sexa manualmente (e axuntar logo o arquivo escaneado) ou electronicamente (utilizando os programas, Autofirma, Adobe Acrobat Reader, etc.).
- O anexo VI debe vir asinado polo **Secretario do centro educativo**.
- Recórdese que, salvo os anexos II e III, o resto de anexos **non son editables** polo que para gardar unha copia cos datos cubertos, primeiro deberá descargalos e gardalos no seu equipo. Logo deberá abrílos e cubrílos. Unha vez cubertos, para gardalos sen que se perdan os datos introducidos, premer en “arquivo”, logo en “imprimir” e logo seleccionar en impresora “imprimir en PDF” ou “gardar como PDF” (e logo, como se indicaba, asinalos antes de entregalos).

CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

- Os criterios son os recollidos no artigo 8 das bases reguladoras. No caso da liña de actuación I, estes criterios compóñense de méritos deportivo-competitivos (certificados polas respectivas federacións galegas, e que son os recollidos no artigo 8A, 8B, 8C, 8D, 8E e 8F), e outros non deportivos achegados pola propia entidade nos anexos correspondentes (recollidos no artigo 8G, 8H, 8I e 8J). No que se refire exclusivamente aos méritos deportivos a avaliar, os criterios de valoración referiranse, en función da modalidade deportiva, aos méritos da tempada 2023 ou 2022/23.
- No caso da liña de actuación II, atenderase aos recoñecementos vixentes de núcleos de adestramento deportivo na data de remate do prazo de presentación de solicitudes destas subvencións.

CONTACTO ► Servizos Provinciais de Deportes de:

- A CORUÑA: 881 960 768 deportes.coruna@xunta.gal
- OURENSE: 988 386 050 / 046 deportes.ourense@xunta.gal
- LUGO: 982 294 568 deportes.lugo@xunta.gal
- Sección VIGO: 886 218 281 / 282 deportes.vigo@xunta.gal

SOBRE A INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO E A RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIONS

Tódalas entidades solicitantes serán informadas vía correo electrónico de toda a información que se vaia publicando ao longo da instrución do procedemento. Recórdese a importancia de escribir correctamente o e-mail e teléfonos de contacto na solicitude, así como de que sexan válidos durante todo o período que dura a instrución.

As actuacións básicas a levar a cabo pola Secretaría Xeral para o Deporte dende a publicación da convocatoria das subvencións ata a súa resolución definitiva son as seguintes:

↓ 1º

Publicación da convocatoria e das bases no DOG

1 mes de prazo para presentar solicitudes

↓ 2º

Rematado o prazo de solicitudes e, unha vez revisadas, publicarase no DOG a relación de solicitudes admitidas, as suxeitas a emenda e as inadmitidas

10 días de prazo para emendar erros ou achegar documentación

↓ 3º

Ao mesmo tempo, a S.X. para o Deporte remitiralle ás federacións a relación de solicitantes da súa modalidade, para que certifiquen os datos deportivos que serán obxecto de valoración

As federacións disporán de 10 días para achegar estes datos

↓ 4º

Recibidas e revisadas as certificacións das federacións, publicaranse os datos de cada unha das entidades solicitantes na páxina web da S.X. para o Deporte, aos efectos de que os interesados, si o consideran oportuno, poidan presentar alegacións

10 días de prazo

↓ 5º

Rematado o prazo de alegacións, estas enviaranse á correspondente federación para a súa revisión, e, no seu caso, modificación da certificación inicial

As federacións disporán de 3 días de prazo para a súa revisión/modificación

↓ 6º

Recibidas as modificacións e actualizados os novos datos, procederase á valoración definitiva das solicitudes e á publicación no DOG da listaxe coas subvencións concedidas, as solicitudes denegadas por non acadar a puntuación mínima e as solicitudes inadmitidas.

↓ 7º

PAGAMENTO ANTICIPADO DO 80% DO CONCEDIDO (non fai falta solicitalo)

↓ 8º

PAGAMENTO DO 20% RESTANTE

Para o cobro do 20% restante a entidade terá que presentar a solicitude de aboamento (anexo VIII), e demais documentación xustificativa no prazo dun mes desde o día seguinte á publicación da listaxe de beneficiarios no DOG, no caso da liña I, e ata o 30 de novembro no caso da liña II